Laudatio de María Martinón Torres
Ángel Carracedo.

Académico da RAGC

Non pode haber para min un momento de maior alegría ca esta honra que me ofreceu a Academia de poder facer esta *laudatio* de María Martinón Torres.

Levo dando clases na Facultade de Medicina desde o ano 1978, de modo que pasarían polas miñas mans algo máis de 20.000 alumnos e, se tivese que quedar con un deles, sen dúbida sería con María, á que tiven o pracer de darlle clase no curso 1997-1998.

Poden pensar que peco de catatimía, que é a deformación da realidade polo afecto, pero, aínda que é certo o cariño que lle teño, non me cega en absoluto nesta valoración.

E tiven alumnos moi brillantes, entre eles outros irmáns Martinón Torres. Sempre tive de modelo educativo a Georgina e Federico, seus pais, para aprender como conseguiron ter uns fillos tan excepcionais. Aínda que imaxino que os xenes tamén contan, son eles os responsables tanto da súa herdanza como da súa educación.

E a razón pola que destaco a María entre todos os meus alumnos non é só pola súa capacidade, senón polo seu entusiasmo e pola súa decidida vontade de loitar por un soño: o de ser un día unha gran antropóloga. E vaia se o conseguiu.

Nada en Ourense no seo desta marabillosa e querida familia, estudou —como lles dicía— Medicina na nosa Facultade de Medicina da Universidade de Santiago, onde obtivo o premio extraordinario de fin de carreira. Foi entón cando veu falar comigo para contarme a súa paixón pola Antropoloxía. Con nós comezou a aprender xenética de poboacións humanas, pero non facemos Antropoloxía, e pensamos en Bristol como o lugar ideal para esa formación. Así se especializou en Evolución Humana na Universidade de Bristol, onde realizou o máster *Human Origin*, que completou con estudos de Antropoloxía Forense na Universidade Complutense de Madrid e de estatística na Universidade Politécnica de Madrid.

A súa ilusión xa de estudante era Atapuerca e, xa con esa bagaxe formativa, tivo a iniciativa e o acerto de contactar con José María Bermúdez de Castro, con quen codirixín a tese de María titulada *Evolution of dentition in hominids: Study of Pleistocene human teeth from the Atapuerca Hills (Burgos)*. A tese, dentro da modalidade de doutoramento europeo pola Universidade de Santiago de Compostela, defendeuna no ano 2006 e obtivo o Premio Extraordinario de Doutoramento.

Como se desprende do seu título, a tese realizouse no contexto do Proxecto de Investigación de Atapuerca e centrouse na análise evolutiva da dentición dos homininos do Pleistoceno da Serra de Atapuerca. Aquí, xa ligada ao CENIEH, o Centro Nacional de Investigación sobre a Evolución Humana, comezou unha carreira imparable que a levou ao máis alto da súa especialidade.

Pouco despois xa era investigadora principal do Grupo de Antropoloxía Dental do CENIEH en Burgos, onde acabou constituíndo un equipo de investigación recoñecido internacionalmente como referente no campo da paleoantropoloxía dental, pioneiro na aplicación de técnicas de morfometría ao estudo dos dentes.

Posteriormente deu un paso máis co obxectivo de desenvolver redes internacionais de investigación e formación e incorporouse como profesora de Paleoantropoloxía no *University College London* (UCL), onde foi promovida a *Reader* en 2016 e onde é profesora honoraria desde 2019.

Simultaneamente, en Burgos acadou a posición de codirectora das escavacións dos xacementos da Serra de Atapuerca e coinvestigadora principal do seu proxecto. En 2017 asumiu a dirección do CENIEH, onde combina a súa función como directora coa súa propia investigación en evolución humana e onde, á súa liña clásica de investigación en paleoantropoloxía dental —na que liderou varios proxectos relacionados coa evidencia dental na República de Xeorxia e en China, engadiu unha liña de investigación en paleopatoloxía e medicina evolutiva que integra comportamento e ecoloxía, e outra que pretende unha reformulación do escenario evolutivo do xénero *Homo* durante o Pleistoceno coa proposta dunha orixe asiática para os primeiros europeos (“Out of Asia and into Europe”).

Nesta liña propuxo un innovador modelo paleodemográfico de “sumidoiro e fonte” para explicar o asentamento dos homininos en Eurasia, integrando

información climática e ambiental, e no que publicou un traballo fundacional que foi clasificado como "Hot Paper" por Thomson Reuters (é dicir, entre o 0,1 % dos artigos máis citados nun período bimestral).

Publicou máis dun cento de artigos científicos, incluíndo revistas como *Nature*, *Science*, *Proceedings of the National Academy of Sciences (PNAS)* ou *Journal of Human Evolution*. Destaca a recente publicación en *Nature* do primeiro enterramento humano de África, que mereceu a portada da revista.

Impartiu máis dun cento de conferencias invitadas en institucións de todo o mundo, como a Academia de Ciencias de Pequín, a Academia de Ciencias de California, o *Collège de France*, a Universidade de Tel Aviv, os Museos Nacionais de Kenia ou o Instituto Cervantes no Xapón. O seu traballo foi clasificado dentro do *Top 1 %* dos máis citados no campo das ciencias sociais (*Thomson Reuters Essential Science Indicators*). No ano 2019 converteuse na primeira española en recibir a Medalla Rivers Memorial do *Royal Anthropological Institute* de Gran Bretaña e Irlanda (RAI), a institución académica máis antiga do mundo dedicada á antropoloxía no seu sentido máis amplo.

Pero María é ademais unha gran divulgadora. Imparte regularmente conferencias e charlas en centros educativos e en todo tipo de auditorios con enorme éxito porque, ademais de comunicar moi ben, ten paixón polo que fai e posúe o enorme don de transmitir esa paixón. Publicou artigos e libros divulgativos, como o seu recente libro *Homo imperfectus. ¿Por qué seguimos enfermando a pesar de la evolución?* (Grupo Planeta-Ed. Destino), onde aborda a pregunta de por que a selección natural non eliminou a enfermidade na nosa especie.

A súa investigación foi destacada en medios de comunicación como *The Guardian*, NBC, BBC e *El País*, que tamén a consultan como experta científica. Foi comisaria da exposición sobre Atapuerca no Museo de Historia Natural de Nova York e participou en documentais como *Horizon: The Last Human Tribes* (BBC2, 2017), *Neanderthals: The Last Refuge* (National Geographic, 2021), así como en varias tempadas de *Arqueomanía* e *Cazador de Cerebros* (TVE2).

Cando vou con científicos doutros campos visitar Atapuerca ou o CENIEH e María nos explica todo, quedamos sempre abraidos pola forma en que relata os achados alí realizados e o que ela está facendo, porque transmite entusiasmo e emoción con naturalidade e proximidade.

Eu, como saben, vou a moitos centros educativos e, cando remato, todos queren ser xenetistas; pero se vai María a continuación, esquecen a xenética e xa queren ser todos paleoantropólogos. Por iso adoito dicirlles que, cos avances no ADN antigo, son campos que actualmente converxen a ver se así son quen de levar a auga para o meu muiño.

María é ademais unha gran persoa, unha científica humanista e humana para a que a súa familia próxima —o seu marido e os seus fillos— e a súa familia ourensá son unha prioridade.

Aínda non lle puiden contar a María a miña idea de que o único diferencial do *Homo sapiens*, que seguramente compartía cos Neandertais —e ela dirame se tamén con outros homininos—, é o sentido da transcendencia, pois é o que permitiu que existan calidades intrinsecamente humanas como a xustiza, a caridade, a compaixón, a xenerosidade, a hospitalidade, o respecto e moitas outras.

Que esta *laudatio* para María se estenda tamén á familia Martinón, porque nela se cultivan eses valores que son a esencia do progreso humano, entendido non nun sentido evolutivo senón cultural e social.

Parabéns, María, por este recoñecemento, e parabéns á Academia e a todos os meus compañeiros, porque é un luxo tela con nós.

Moitas grazas